

## Sogama reforma a súa aula medioambiental baixo criterios de sostibilidade

3 Feb 2020



- Os materiais utilizados son reciclados e reciclables na súa totalidade, e a incorporación das últimas tecnoloxías propiciarán que os visitantes reciban unha formación máis eficiente.
- As paredes laterais foron fabricadas a partir de labras de madeira aglomerada, o escenario con caucho reciclado e os mobles con refugallos de madeira e fibras.
- Para os monolitos móbiles do escenario utilizouse cartón ondulado 100% reciclable e, para o chan, elixíronse lousas elaboradas con fibras de vidro e vinilo, tamén reciclables na súa totalidade.
- Así mesmo, primouse a iluminación de baixo consumo e o aforro enerxético.
- Na obra participaron empresas galegas, o que evidencia o gran potencial que ten a nosa comunidade en deseño e construción sostible.

**Cerceda, a 3 de febreiro de 2020.**- Logo de 20 anos de actividade, e tras ser testemuña do paso de varias xeracións de escolares e universitarios, así como de múltiples delegacións políticas, técnicas e empresariais, tanto de Galicia como do resto de España e de distintas partes do mundo (preto de 76.500 persoas), a aula medioambiental de Sogama renovouse en plena sintonía co modelo de economía circular e preparouse para atender ás necesidades dos novos tempos, aspirando a ser máis eficiente na formación dos novos visitantes que están por chegar.

De feito, o pasado 21 de xaneiro iniciouse un novo programa de visitas ao Complexo Medioambiental cun apertado calendario no que xa figuran reservas efectuadas por máis de 70 colectivos sociais, colgando o cartel de “completo” ata o próximo mes de xuño.

Na súa firme aposta pola ecoloxía e a reciclaxe, a reforma da aula fíxose baixo criterios de sostibilidade, tanto no propio deseño como na funcionalidade do espazo, utilizando materiais reciclados e reciclables na súa totalidade.

### RESIDUOS EN VALOR

As paredes laterais foron fabricadas a partir de labras de madeira aglomerada grazas ao uso de resinas, un revestimento que, ademais de actuar como un gran illante desde o punto de vista térmico e acústico, foi colocado en zig-zag para mellorar tamén a reverberación da sala.

O escenario elaborouse con caucho reciclado e, os mobles integrados nas paredes, con tableiros de

## Sogama reforma a súa aula medioambiental baixo criterios de sostibilidade

Published on Sogama (<https://www.sogama.gal>)

---

MDF espidos, é dicir, non se recorreu á talla de árbores, senón que a materia prima obtívose a partir de residuos de madeira e fibras.

Para o pavimento, e debido ao desgaste ao que está sometido polo elevado tránsito de persoas e o continuo rozamento de cadeiras, así como á necesidade dunha continua limpeza derivada da permanente realización de talleres educativos e xogos, seleccionáronse lousas fabricadas en fibras de vidro e vinilo, reciclables na súa totalidade.

Como parte viva do proxecto, habilitáronse uns monólitos móbiles sobre o escenario que o fai versátil, configurándoo segundo as necesidades de cada momento. Están fabricados en cartón ondulado 100% reciclable cun panel de MDF na fronte que permite a rotulación dos diferentes eventos sen danar o cartón.

Así mesmo, primouse tamén a iluminación de baixo consumo e o aforro enerxético.

Na obra participaron empresas galegas, o que evidencia que a nosa comunidade ten tamén un gran potencial en deseño e construción sostible.

Saúdos, Departamento de Comunicación



**Source URL:** <https://www.sogama.gal/gl/noticia/sogama-reforma-s%C3%BAa-aula-medioambiental-baixo-criterios-de-sostibilidade>